



Charlas de sensibilización

Actividades para ESO, BACHARELATO E CICLOS DE FP

Os grupos de idade que abranguen estas etapas educativas, comprenden a idades consideradas polas estatísticas como **"grupos de risco"**. Tendo en conta os aspectos psicolóxicos e características desta idade: etapa de autoafirmación, inestabilidade emocional, exhibicionismo, pouca experiencia na conducción de ciclomotores, de VMP, gran capacidade para asumir riscos sobre todo condicionados por estímulos externos como o grupo de amigos, entre outras. A nosa intervención diríxese a conciencialos na evitación destas condutas de risco. Por iso, priorizamos a transmisión de valores de prudencia, protección e convivencia dende o respecto á normativa e aos demais.

Consideramos importante nesta formación, colaborar na ensinanza impartida polos profesionais da educación dende a nosa perspectiva como policía. Deste xeito reflexionamos sobre as consecuencias de condutas imprudentes, coa finalidade de sensibilizalos sobre a realidade que supoñen os accidentes de tráfico, e así transmitir a necesidade de asumir compromisos de comportamentos viais axeitados.

O noso discurso nestas idades trata de relacionar a conduta cívica e a conduta vial, por este motivo nas nosas clases de educación vial tratamos tamén temas como o botellón e a consecuencia que determinadas condutas como os estragos no mobiliario público e privado ten con respecto ao resto da poboación.

Salientamos a colaboración nestas charlas de Iván Montero, un deportista de élite que sufríu un accidente de tráfico. Cóntalles como sucedeu o accidente, as consecuencias deste suceso na súa vida cotiá, no seu traballo e o que para el supuxo superar física e psicolóxicamente este suceso.

OBXECTIVOS:

- Asumir a responsabilidade das condutas negligentes no tráfico e as súas consecuencias.
- Percibir o risco que entraña a conducción dun vehículo: bicicleta, ciclomotor ou VMP.
- Reflexionar sobre a exposición da vida propia e a dos demais na toma de decisións guiadas pola impulsividade propia destas idades.
- Entender como a presión de grupo se reflicte na conduta individual



- Salientar o traballo policial das distintas unidades con obxecto de conseguir unha maior seguridade vial.

ACTIVIDADES:

- Exposición e debate sobre sentenzas xudiciais por delitos contra a seguridade viaria.
- Debate sobre a conduta cívica relacionada coa conduta vial.
- Visualización de vídeos contextualizados na temática.
- Relato de Iván Montero sobre o seu accidente de tráfico.

TEMPO DE DURACIÓN DAS ACTIVIDADES:

- 2 horas.

RECURSOS:

- Ordenador con proxector e reprodutor de vídeo.